



## MEMORIA ECONÓMICA E XUSTIFICATIVA

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O DESENVOLVEMENTO DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS**

## ANTECEDENTES

O día 29 de decembro de 2021 o Consello da Xunta de Galicia autorizou a subscripción do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e a Deputación Provincial de Pontevedra en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES).

O día 30 de decembro de 2021 asinouse polas partes o referido convenio de colaboración, que ten por obxecto a colaboración das distintas institucións participantes en orde a completar o mapa de emerxencias de Galicia mediante o desenvolvemento dos GES, como grupos operativos en emerxencias de ámbito supramunicipal, para a realización das funcións previstas na cláusula cuarta do propio convenio.

O convenio estende a súa vixencia desde o 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro de 2023. Vista a data de remate, enténdese necesario tramitar un novo convenio a fin de garantir a prestación de servizo dado polos GES.

Na reunión mantida o 22 de novembro de 2023 entre representantes da Xunta de Galicia, da Deputación Provincial de Pontevedra e da FEGAMP para elaborar unha proposta de convenio de colaboración para o mantemento dos GES con sede nos concellos desta provincia, acordouse asinar un novo convenio coa Deputación Provincial de Pontevedra por un ano, de xeito que se continúe apoiando o funcionamento dos GES, que complementan a atención das emerxencias





e extinción de incendios forestais, xunto cos parques de bombeiros municipais e os parques de bombeiros comarcais, de forma que cubren zonas desprovistas de servizos de emerxencia, cun ámbito de actuación superior ao municipal; do mesmo xeito, ditos grupos participan en labores de prevención de incendios. Este novo convenio contemplará as seguintes modificacións:

- Incrementar 40.000 € ao ano a financiación de cada GES, pasando de 280.000 € a 320.000 €, mantendo as porcentaxes de cada ente financiador.
- Completar ata 12 membros os GES da Estrada, Lalín, Mos e Redondela.
- Igualar a financiación dos servizos municipais de Ponteareas e Sanxenxo aos dos GES pasando cada un de 155.000 € a 320.000 € ao ano.
- Creación dun subGES de 6 membros do Grove.
- Deixar por definir e sen asignación de crédito aos GES asignados no convenio anterior aos concellos da Cañiza, A Lama e Moraña.

As achegas económicas totais entre as partes signatarias acadan o 52,5 % de financiamento por parte dos departamentos da Xunta de Galicia e o 47,5%, das entidades locais (Deputacións provinciais 40 %, concellos 7,5 %).

## **OBXECTO DO CONVENIO**

Está previsto formalizar entre a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Consellería de Medio Rural, a Deputación Provincial de Pontevedra e a FEGAMP un convenio de colaboración en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos GES durante o ano 2024, que terá por obxecto colaborar no desenvolvemento de 10 GES, tres deles coa súa sede pendente de establecerse, e dous servizos municipais, para completar o mapa de emerxencias da provincia de Pontevedra, a participación dos mesmos en tarefas de prevención de incendios e a colaboración na extinción de incendios forestais.

## **RAZÓNS QUE ACREDITAN O PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA**

En relación co disposto no artigo 40.2.a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de





subvencións de Galicia, as razóns que acreditan o interese público e polo tanto a concesión directa destas subvencións están acreditadas, posto que a realización do maior número posible de actuacións benefician non só ás administracións asinantes, senón á cidadanía en xeral, pois estas tarefas contribúen a minorar e mesmo a evitar as consecuencias económicas e ambientais das emerxencias e dos incendios forestais.

## FINANCIAMENTO

Os GES están financiados polas seguintes partes asinantes do convenio:

- A Xunta de Galicia a través da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Consellería de Medio Rural.
- A Deputación Provincial de Pontevedra
- As entidades locais que se adhiran a este convenio.

A contribución ao financiamento da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, en materia de emerxencias para os GES fixarase en:

- Para o financiamento dos servizos municipais: douscentos cincuenta e dous mil cen euros (252.100,00 €), cantidade financiada pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior con cargo á aplicación orzamentaria 05.25.212.A.460.1.
- Para o financiamento dos gastos de funcionamento dos GES (gastos correntes en bens e servizos), a Dirección Xeral de Administración Local achegará cento trinta e tres mil oitocentos setenta e cinco euros (133.875,00€) para o ano 2024, con cargo á aplicación orzamentaria 05.04.141.A.461.1

A contribución ao financiamento da Consellería do Medio Rural en materia de prevención e extinción de incendios, para os GES, fíxase en un millón corenta e dous mil vinte e cinco euros (1.042.025,00 €) para o ano 2024. Esta cantidade será financiada pola Dirección Xeral de Defensa do Monte, con cargo á aplicación orzamentaria 14.02.551.B.760.0.

Os beneficiarios destas axudas serán as entidades locais nos que se sitúan as sedes e as subsedes dos GES segundo o reparto do Anexo II do convenio.

En consecuencia, a contribución da Xunta de Galicia ao financiamento deste convenio en materia de emerxencias, prevención e extinción é de oitocentos corenta mil euros (1.428.000,00 €).





A contribución ao financiamento por parte dos concellos será efectuada directamente por cada entidade local aos traballadores contratados, con cargo aos seus respectivos orzamentos, na contía que lle corresponde segundo o anexo II e ascende a un total de douscentos catro mil euros (204.000,00 €) no ano 2024.

A contribución ao financiamento da Deputación Provincial de Pontevedra é de un millón oitenta e oito mil euros (1.088.000,00 €) no ano 2024.

Dentro do Plan Estratéxico de Galicia 2022/2030, no eixe 2 Galicia verde e sostible, prioridade de actuación 2.3 “Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais” están encadrados os obxectivos estratéxicos:

2.3.1. Fortalecer unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, protección civil e seguridade pública, así como a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais.

2.3.2. Xestión dos riscos ocasionados por incendios forestais mellorando a defensa contra os mesmos e aumentando a resiliencia a través dunha adecuada planificación e prevención.

Dentro destes obxectivos estratéxicos, a execución do convenio contribuirá a acadar os seguintes indicadores de realización:

- Poboación beneficiada pola actuación e que diminúe o seu risco (emprego para labores de prevención).
- Poboación atendida polo sistema de atención de emerxencias.
- Profesionais de intervención antes as urxencias.
- Número de lumes.
- Poboación beneficiada das medidas de prevención de incendios forestais.

En canto á distribución de gastos, referidos á contribución da Xunta de Galicia, que se prevé para a execución das distintas actuacións recollidas no convenio durante o exercicio 2024 é a seguinte:





| PREVISIÓN GASTOS ANUALIDADE 2024                                                 | IMPORTE (€)  |
|----------------------------------------------------------------------------------|--------------|
| Colaboración e apoio en situacións de risco para persoas, bens ou medio ambiente | 357.000,00   |
| Intervención en situacións derivadas de riscos naturais varios                   | 357.000,00   |
| Intervencións en situacións derivadas de riscos de orixe antrópico               | 357.000,00   |
| Actuación en incendios forestais                                                 | 142.800,00   |
| Actuación en labores de prevención de incendios forestais                        | 71.400,00    |
| Outros vinculados a unha situación de emerxencia ou prevención da mesma          | 142.800,00   |
|                                                                                  |              |
|                                                                                  |              |
| TOTAL 2024                                                                       | 1.428.000,00 |

A tramitación do expediente realizarase por anticipado de gasto.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

O director xeral de Defensa do Monte

Manuel Rodríguez Vázquez

